COS ALEVINS REMATARON AS SEMIFINAIS DO TORNEO

Chegaban na xornada do xoves, penúltima do Torneo, as semifinais alevíns que non defraudaron a gran cantidade de público presente na Praia de Ares.

As 18:00 disputouse o primeiro envite

CASA ALONSO 6 – NORWAYS 6 (1 – 2 Pp) (AL)

Sen dúbida, o meior partido que vimos no Torneo nas dúas categorías. Golazos, alternativas no marcador, grandes xogadas, emoción, xogadas polémicas, tensión.... ¡¡¡un partidazo¡¡¡ Finalmente a lotería dos penaltis decidiu que o Norways sexa o finalista o venres ás 17:00. Felicitar o Casa Alonso que con xogadores de primeiro ano ofreceu un bo fútbol e fixo un enorme papel neste Torneo de Fútbol Praia Ares 2011.

As 18:45 xogouse a segunda semifinal:

BANKIA 7 – VERDES 4

O Bankia impuso o seu xogo e a súa calidade dende o principio. Parecía que os Verdes querían reaccionar, pero finalmente será o Bankia o que se mida ó Norways na gran final. Gran papel de Os Verdes no Torneo, con bo xogo e moita humildade.

¡¡¡Xa temos todo o pescado vendido¡¡¡ Mañá venres chegan as dúas finais, en alevíns e infantís, en horarios tempraneiros como na xornada do mércores:

17:00 GRAN FINAL ALEVÍN

NORWAYS – BANKIA

17:45 GRAN FINAL INFANTIL

VIDEO CLUB ARES - PERLÍO

Posteriormente, sobre as 18:30 da tarde terá lugar a entrega de trofeos e agasallos. Trofeos para os dous primeiros clasificados e agasallos para ós parcipitantes por xentileza do Concello de Ares.

Para rematar, ás 19:00 todos os integrantes do Torneo poderán disfrutar dun amigable de

xuvenís, Numancia – Eume en Prados Vellos.

¡¡¡Vémonos o venres para botar o peche do Torneo¡¡¡ ¡¡¡Non faltedes neste gran día¡¡¡